

Toni Zweifel

Toni Zweifel, nacido o 15 de febreiro de 1938 en Verona, era fillo dun empresario suízo. Fixo a carreira de enxeñeiro industrial na Escola Politécnica (ETH) de Zürich, onde rematou os estudos en 1962.

24-09-2008

Tras unha curta actividade na industria privada, traballou como colaborador científico no Instituto de Termodinámica da ETH e desenvolveu diversas patentes. Algúns anos despois, en 1972,

sensible á pobreza dos países en vías de desenvolvemento, cambiou as súas ocupacións para crear, xunto con outras persoas, a Fundación Limmat, con sede en Zürich.

Baixo a súa dirección, esta institución promoveu, nos 17 anos seguintes, centos de proxectos de interese público en máis de trinta países de catro continentes, centrados sobre todo na promoción da familia e a muller, a atención médica e a formación profesional da xuventude.

En 1962 Toni Zweifel pediu a admisión no Opus Dei, unha institución da Igrexa Católica -hoxe Prelatura persoal- que por inspiración divina fundou san Xosemaría Escrivá co fin de promover a chamada de todos os cristiáns á santidad no desempeño dos seus deberes profesionais e familiares.

Toni seguiu esta vocación con total entrega e absoluta fidelidade ata o final da súa vida. O seu traballo caracterizouse por unha grande calidade humana e sobrenatural, a impulsos do seu desexo de axudar aos demais con eficacia. Todo iso unido a un cordial sentido do humor e a un estilo de vida cheo de sinxeleza.

Toni aceptou, con entrega plena á vontade de Deus, a enfermidade incurable que lle sorprendeu en 1986, cando estaba no cénit da súa actividade. Morreu de leucemia en Zürich, o 24 de novembro de 1989, con fama de santidad.